



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Unha destrución de emprego que non cesa

Dende a CIG levamos moitos anos denunciando a constante destrución de emprego na Telefónica, unha destrución de emprego asociada a unha perda de dereitos laborais e salariais que debilita cada vez máis aos traballadores e traballadoras, e o peor de todo: pactado entre a dirección e os sindicatos socios.

Telefónica contaba con case 76.000 traballadores e traballadoras no ano 1992, ano no que se liquida a ITP e se inicia a privatización completa da empresa. Os ingresos e beneficios da empresa neses anos non teñen nada que ver cos de agora e sen embargo existía unha bolsa de traballo moi importante que permitía que unha parte deses beneficios fose ás mans da clase traballadora.

Dende aquela muda totalmente o modelo de empresa, a dirección pon o acento na redución de plantilla coa intención de maximizar os beneficios. Dende o primeiro momento a CIG solicitou un plan de emprego que explicase cal era a plantilla obxectivo e como se distribuiría a actividade pero a empresa nunca tal fixo.

Parecía claro o que despois se fixo máis evidente: o obxectivo da empresa é destruír emprego de calidade e substituílo por emprego cada vez máis precario nas contratas, o obxectivo é incrementar os beneficios a costa dos dereitos dos traballadores.

En cada novo convenio volvese falar dun ERE e semella que a cousa se volverá a repetir, dende a CIG non estamos en contra de que os traballadores e traballadoras poidamos adiantar a nosa idade de xubilación, o que rexeitamos é a constante destrución de emprego que estamos a padecer, especialmente nunha época na que o paro é unha lacra social que está a facer estragos.

E non debemos ignorar a realidade que nos está a traer a estafa social na que estamos inmersos, no pasado ano 2014 as empresas do IBEX gañaron un 37% máis mentres reducían o salario medio dos seus empregados un 1.5%, nese mesmo ano a remuneración dos consellos de administración incrementouse un 28.5%.

Levamos moito tempo insistindo en que Telefónica pode crear emprego de calidade, esta empresa debe acometer unha política de emprego que garanta o futuro de todos e todas. A plantilla está cada vez máis envellecida e iso é un problema moi grande, cómpre rexuvenecer o cadro de persoal e para iso é preciso que entre moita máis xente nova.

As escasas incorporacións -a través de becas- que se teñen producido, son case en exclusiva para Madrid provocando un desmantelamento da empresa en moitas provincias.

Dende a CIG reclamamos creación de emprego en Galiza, non podemos aceptar que se destrúa emprego aquí e só se cree en Madrid.

Defender o emprego na nosa terra debería ser un pilar fundamental de calquera forza sindical pero todos e todas sabemos que non é así. Seica solucionan os nosos problemas dende Madrid, que é moi importante estar no Comité Intercentros, o que haberá que preguntarse é para qué.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 8 de abril de 2015